

Práctica 1: Configuración das conexións de rede.

Configurar conexión de rede con fíos.

Debes crear unha nova conexión de rede cableada, á que chamarás **Conexión con fíos nova** e que se adaptará aos seguintes parámetros:

- Que o equipo se conecte automaticamente a esta rede cando esté dispoñible.
- Enderezo Mac do dispositivo, ten que ser o que apareza na tarxeta de rede correspondente (normalmente eth0).
- Configuración IP:
 - Configuración manual.
 - Dirección ip: ?????
 - Máscara de rede : ?????
 - Porta de enlace: X.Y.Z.1
 - Servidores DNS: 69.50.2.180 e 69.50.2.190
 - Dominios de busca: edu.xunta.es

Configurar conexión de rede sen fíos.

Debes crear unha nova conexión de rede sen fíos, á que chamarás **Conexión sen fíos nova**, e que se adaptará aos seguintes parámetros:

- Que o equipo se conecte automaticamente a esta rede cando esté dispoñible.
- Enderezo Mac do dispositivo, ten que ser o que apareza na tarxeta de rede correspondente (normalmente wlan0).
- SSID: **edu.xunta.es**
- Modo: **Infraestrutura**
- Seguranza: **WPA & WPA2 Empresarial**
 - Autenticación: **EAP protexido (PEAP)**
 - Certificado CA: **Ningún**
 - Versión PEAP: **Automático**
 - Autenticación interna: **MSCHAPv2**
 - Nome de usuario: *O que teñas na túa conta de edu.xunta.es*
 - Contrasinal: *O que teñas na túa conta de edu.xunta.es*
 - **IMPORTANTE:** Activar a casilla de verificación de **“Preguntar este contrasinal de cada vez”**, xa que en caso contrario unha vez feita a conexión calquera persoa que acceda ao equipo e esté baixo a cobertura da rede wifi edu.xunta.es se pode conectar co teu perfil.
- Configuración IP : Automático (DHCP)